

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio polo que se procede a darlle publicidade á resolución da Dirección de Área Sanitaria de Ferrol, do 2 de setembro de 2005, pola que se convoca unha oferta de selección temporal de dous facultativos especialistas en farmacia hospitalaria.

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos e da dirección provincial do Sergas na Coruña.

A solicitude poderá presentarse no prazo de 10 días desde o seguinte ao desta publicación.

Ferrol, 2 de setembro de 2005.

Juan José Fernández Ramos
Director de Área Sanitaria de Ferrol

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
NÚMERO UN DA CORUÑA**

Edicto (813/2002-C).

Elma Monzón Cuesta, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, certifica que nos autos de xuízo ordinario número 813/2002, se ditou a resolución que no seu encabezamento e decisión é como segue:

«Vistos por Marta Canales Gantes, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un desta cidade, os presentes autos de xuízo de ordinario seguidos co número 813/2002-C, sobre división de cousa común, sendo parte demandante Juan José Ramón Santiago Carazo e José Santiago García, representados pola procuradora María Fara Aguiar Boudín e coa asistencia letrada de Julio Heredero Villalba e parte demandada María de la Concepción Santiago Carazo e Frederick Pleijsree, ambos declarados rebeldes. Decido que desestimando integramente a demanda interposta pola procuradora María Fara Aguiar Boudín, en nome e representación de Juan José Ramón Santiago Carazo e de José Santiago García, debo declarar e declaro a libre absolución dos demandados dos pedimentos afectados pola parte demandante. Correspóndelles o aboamento das custas aos demandantes. Notifíqueselles ás partes e fágaselles saber que contra esta sentenza poderán interpoñer recurso de apelación perante a Audiencia Provincial no prazo dos cinco días seguintes ao da súa notificación, que se preparará perante este mesmo xulgado con suxeición ao disposto nos artigos 455 e seguintes da Lei de axuízamento civil. Así por esta miña sentenza da que se expedirá testemuño

para a súa incorporación aos autos pronúncioo, mándoo e asínoo. Publicación: a anterior resolución foi lida e publicada pola maxistrada-xuíza que a subscribire no día da data estando celebrando audiencia pública. Dou fe».

E para que conste e sirva de publicación por medio de edictos no DOG, expido e asínoo este edicto na Coruña o dezanove de abril de dous mil cinco.

A secretaria xudicial
Rubricado

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO TRES DA CORUÑA**

Cédula de notificación de sentenza (41/2005).

Eu, Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos nº 41/2005, por instancia de Beatriz Taboada Duro, contra a empresa *SPP Antelo Gas, S.A.* sobre salarios, nos que recaeu sentenza do 21 de xullo de 2005 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que, estimando a demanda formulada por Beatriz Taboada Duro, contra a empresa *SPP Antelo Gas, S.L.* condeno esta a aboarlle a cantidade de 1.608,86 euros, que lle debe en concepto de salarios.

Notifíqueselles esta resolución as partes, facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este Xulgado do Social no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Prevese a empresa demandada de que, para recorrer, deberá acreditar ter ingresado na c/c de consignacións, código 5604.0000.60.0962.04 de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada Conta do Xulgado do Social número tres, o importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito; sen estes requisitos non será admitido a trámite o recurso, quedando firme a sentenza.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que lle sirva de notificación en forma á empresa *SPP Antelo Gas, S.L.*, expido e asínoo esta cédula na Coruña o 5 de setembro de 2005.

O secretario xudicial
Rubricado